

Textos: **IGNACIO SANZ**

Fotografías: **PELU VIDAL**

Música: **NUEVO MESTER DE JUGLARÍA**

Encadernado en cartón. 16x16 cm.


Libro-cd. 56 páxinas en color.

ISBN 978-84-92608-35-5

Prezo: 22 €

TITIRILIBRO A LOS TÍTERES VAMOS

No sabemos de dónde viene la magia de los títeres, esa magia que esconden los cuerpos toscos, con sus cabezas enormes y sus ojos de metal o de charol. Cuando llegan a un pueblo o a una ciudad sacan a las gentes de sus casas, las liberan de sus ocupaciones, tanto a chicos como a grandes, y las arrastran hasta la plaza, hasta el jardincillo, hasta la escalinata o hasta el patio de una casona donde, en un periquete, se monta el humilde teatrillo de tela y allí, como por encanto, brota una representación que nos atrapa...
(Ignacio Sanz, "Elogio sentimental de los títeres")



Inducen á risa e á felicidade, son travesos e irreverentes, sobreviviron ao paso do tempo e, coa súa sinxeleza, encandilan a xeracións enteiras do pasado, do presente e do futuro. "Titirilibro, a los títeres vamos" é unha homenaxe aos teatriños, ás marionetas e aos artifices desa maxia. O libro-cd, prologado por Ignacio Sanz, contén 16 temas musicais, uns tradicionais e outros compostos e interpretados para a ocasión polo Nuevo Mester de Juglaría, con fotografías de Pelu Vidal e Gonzalo Boullón, que amosan os distintos tipos de títeres -de variña, de luva, de fío...- e espectáculos do máis imaxinativo que transmiten toneladas de ilusión e arrincan os aplausos agradecidos do público.

IGNACIO SANZ (Segovia, 1953)

Licenciado en Socioloxía pola Complutense. Publicou máis de 50 libros de narrativa, viaxes, etnografía e literatura infantil. Foi finalista do Premio Torrente Ballester (2001), gañador do Ala Delta de Literatura Infantil (2010) e do IV Premio de Poesía El Príncipe Preguntón (2010). Durante 25 anos compaxinou o

seu traballo de ceramista coa escritura; dende 2005 adícase a escribir e facer actividades socioculturais. Dirixe os Festivais de Narradores Oraís de Segovia e El Espinar, ademais de obradoiros de lectura e de escritura. www.ignaciosanz.com

NUEVO MESTER DE JUGLARÍA

Fundado en Segovia en 1969, é un dos referentes do folk español, impulsor da canción tradicional castelá e pioneiro na recuperación e divulgación desta música. O grupo editou 23 discos que plasman os seus traballos de recompilación rural e urbana de coplas tradicionais e melodías, que serviron para realizar gravacións monográficas como "La Voz del Vino", "Los Comuneros", "Para bailar", "A ti, querido cochino" ou "Todo Duero". Nos seus máis de 40 anos de traxectoria, participou en máis de 1.500 concertos por todo o mundo. www.nuevomesterdejuglaria.com

PELU VIDAL (Redondela, 1975)

Técnico Superior de Fotografía Artística na Escola de Artes Aplicadas Ramón Falcón (Lugo). Colaborou con algúns xornais galegos e estatais. Realizou varias reportaxes de temática social en Latinoamérica, un libro de viaxes polo Leste de Europa e un libro fotográfico do grupo de títeres Tanxarina. www.peluvidal.net



■ **Temática:** libro-cd baseado no mundo dos títeres

■ **Idade recomendada:** dende 5 anos

■ **Aspectos destacables:** tipos de títeres, espectáculos; recuperación de melodías tradicionais; colaboración das prestixiosas compañías de títeres La petite machinerie, La Compagnie Pavaly, Lejo, Viravolta, Petits Miracles, Titiriteros de Binéfar, Tanxarina

■ **Temas musicais:** Pregón del señor alcalde – Los furgones de los títeres – Vamos a los títeres – El títere acatarrado – La marioneta no es de madera – Por la calle arriba – El circo de las pulgas – Paco Aparicio – Nana Titiritera – La ciudad milenaria – Don Cristobita – Canción de corro para plantar primavera – Titiriti, titirita – Los titiriteros – La titiritera – Canción del pirata viejo